



## FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10  
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07  
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO CELEBRADA EN VIGO, NA CASA DO DEPORTE, SEDE DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, O DÍA 26 DE ABRIL DE 2016.

### ASISTENTES

PRESIDENTE DA F.G.M.  
Adolfo Puch Domínguez

#### ESTAMENTO DE DEPORTISTAS

Antonio Alemparte Gonzalvo  
Jesús Expósito Alonso  
Fernando Fernández Rey  
José Luis Faro Fortes  
Ángel Gómez Gómez  
Pedro Outón Nieto  
Raúl Leiros Gutierrez

#### ESTAMENTO DE TÉCNICOS

José Juan Domínguez López  
Katya Sanz Ochoa

#### ESTAMENTO DE ÁRBITROS

Manuel Ángel Domínguez Iglesias  
Xosé Lois Freixeiro López

#### ESTAMENTO DE ENTIDADES DEPORTIVAS

Agrupación Montañeiros Independientes	Félix Criado Alonso (Presidente)
Club Montaña Ferrol	Xan Antón Ramírez Gómez (Presidente)
Club Montañeiros Celtas	Lourdes Castiñeira Souto (Presidenta)
Club Montañeiros Pontevedra	Manuel Beloso García (Presidente)
Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia	Carlos Garrido Costas (Presidente)
Club Montaña e Escalada Azimut	Luis Arocas Fernández (Presidente)
Club Montaña Ribeira Sacra	Xosé Antón Vázquez Pérez (Presidente)
Club Montaña Xistra	Xosé Henrique Freixeiro Cameselle (Presidente)
Sociedad de Montaña Ártabros	Alfonso Louro Fuentes (Representado. Vicepresidente)
Club Alpino Ourenzan	Alfonso González López

#### XUNTA DIRECTIVA E PERSONAL TÉCNICO

Alberto Canle Campuzano	Secretario Xeral e Coordinador de Sendeirismo
Alfonso Soto Herrero	Vogal Coordinador de Actividades Deportivas
Marga Malvar Álvarez	Vogal Accesos á Montaña e Medioambiente
Antonio Paredes Chapela	Vogal de Barranquismo e Material Deportivo
Eduardo Barrosa Picón	Vogal de Andainas
Xosé Antón Vázquez Pérez	Vogal de Carreiras por Montaña e Delegado do Equipo de Carreiras
José Antonio Villar Comesaña	Vogal de Equipamento Zonas de Escalada e Delegado Equipo Escalada
César Álvarez Pérez	Vogal de Escalada de Competición e Asesor de Estructuras de Escalada
Felipe Martínez Redondo	Vogal de Novas Tecnoloxías aplicadas ao Deporte
Elías Rodríguez Gómez	Vogal-Delegado da F.G.M. na provincia de Ourense
José Manuel Pérez Prego	Director Técnico da F.G.M.

Asiste como convidado D. David Pérez Araujo, Director da Escola Galega de Alta Montaña.



## FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10  
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07  
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

### o Apertura da Asemblea.

Comprobada a existencia de quórum, comeza a reunión as 16,30 horas dando o Presidente D. Adolfo Puch Domínguez a benvinda aos asistentes.

### o Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores.

Toma a palabra o Secretario Xeral para expoñer o resultado da consulta realizada sobre o proceso de aprobación das actas, indicando que se poden aprobar en cada Asemblea e acta da anterior sexa esta ordinaria ou extraordinaria. De seguido expón que as actas da Asemblea Ordinaria de 11 de abril de 2015 foi remitida con data 30 de xuño de 2015, da Asemblea Extraordinaria de 25 de xuño de 2015 foi remitida con data 26 de novembro de 2015 e a da Asemblea Extraordinaria de 28 de novembro de 2015 foi remitida con data 11 de abril de 2016, recibíndose para esta derradeira tres observación e que chegado o momento da súa votación se explicaría o procedemento de solucionar estas circunstancias.

En consecuencia se somete a aprobación das actas co seguinte resultado:

1. Asemblea Xeral Ordinaria de 11 de abril de 2015, se aproba por unanimidade.
2. Asemblea Xeral Extraordinaria de 25 de xuño de 2015, se aproba por vinte votos a favor, unha abstención e un voto negativo.
3. Asemblea Xeral Extraordinaria de 28 de novembro de 2015. Se da lectura a un documento Proposta de Subsananación de Erros, que comunicaron o Sr. Pérez Iglesias e o Sr. Arocas Fernández e sendo de conformidade de ambos, este documento se achegará como anexo á mencionada acta. Se somete a votación ambos documentos con un resultado de aprobados por unanimidade.

### o Memoria de actividades de 2015.

Toma a palabra o Vogal de Actividades Sr. Soto que, con axuda de soporte informático, expón sobre a pantalla unha serie de cadros de participación nas diferentes actividades programadas pola F.G.M. e pola E.G.A.M., modelo de exposición ben acollido entre os asembleistas pola profusión de datos que aporta. Se achega a esta acta como anexo 1.

Toma a palabra o Secretario Xeral para, facendo un inciso, dar lectura da acta da Reunión de Comisión Delegada que é aprobada por unanimidade dos membros participantes na mesma.

### o Peche das contas do ano 2015.

Toma a palabra o Tesoureiro Sr. Fandiño para sinalar o déficit de 31.272,67 (trinta e un mil dous centos setenta e dous con sesenta e sete) euros e que ven orixinado en parte pola redución da subvención da Xunta de Galicia o que provoca que a partida de gastos sexa superior á de ingresos. Engade que a fin de corríxir estes desfases, tal e como se comentou na reunión da Comisión Delegada, e necesario emprender modificacións sobre o financiamento das actividades clásicas, o importe a repartir en función do baremo de Mellor Club de Galicia, os gastos orixinados pola organización de Carreiras por Montaña, a cota federativa das licencias, a ocupación dos refuxios, etc.

Na quenda de preguntas se producen varias intervención entre elas a do Sr. Criado ao que se lle facilita o nome das empresas que orixinan apuntes nas partidas de asesoría laboral e xurídica, informática e auditoría. Insiste en coñecer o detalle das facturas cuestión que non se lle pode facilitar no transcurso da asemblea e que si quere coñecer en detalle esas partidas, ten que solicitalo seguindo o recollido no artigo 107 dos actuais estatutos da Federación Galega de Montañismo.

A Sra. Sanz pregunta polo importe reflectido como Rexistro Marca Escola e lle responde o Secretario Xeral que dado que se ten decidido adecuar o nome da Federación á realidade actual e seguindo o camiño da antiga Federación Española de Montañismo (F.E.M.) cara a Federación Española de Deportes de Montaña y Escalada (F.E.D.M.E.) así a Federación Galega de Montañismo (F.G.M.), quere modificar o nome para Federación Galega de Deportes de Montaña e Escalada (F.E.G.A.D.M.E.) así como os dos seus Comités Técnicos.

Toma a palabra o Sr. Ramírez para indicar que si as contas pasaron unha auditoría, hai que supoñer que están ben e si acaso, a fin de mellorar a comprensión das mesmas, sería recomendable recoller as partidas máis destacables en contas específicas.

Intervén o Sr. Outon para manifestar que a conta de Carreiras por Montaña supón un 32% do gastos das actividades e que lle parece excesivo este importe respecto a la participación de unhas e outras.



## FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10  
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07  
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

Na súa primeira pregunta canto é a cota de ata dun club ao que responde o Sr. Fandiño que son 300.- (trescentos) euros, 150.- (cento cincuenta) euros para a F.G.M. e outros tantos para a F.E.D.M.E. Tamén pregunta polos gastos en Actividades Infantís e lle contesta o Sr. Fandiño que son os gastos orixinados polo campamento de Cubillas e o autocar para desprazar ós participantes.

Toma a palabra o Sr. Freixeiro López para facer a reflexión de que en lugar de estar sacando punta ás contas, sería recomendable coñecer por qué se reducen as subvención da Xunta a nosa Federación cando a outras non se lle aplican recortes e a algunhas se lles aumentan as cantidades a percibir, o que supón un agravio pese a ter un incremento notable de licencias nos derradeiros anos. Suxire que a Comisión Delegada, coa anuencia da Asemblea Xeral, solicite unha entrevista cos responsables deportivos da Xunta para tratar de solucionar e darlle volta esta tendencia de diminución de ingresos. Continúa dicindo que para incrementar os ingresos na F.G.M. non se deben subir as licencias e que en derradeiro caso, se podería someter a votación dunha Asemblea Xeral Extraordinaria a posibilidade de establecer cotas anuais aos clubs.

Se someten a votación as contas cun resultado de dezaseis votos a favor, tres abstencións e dos votos en contra.

### o Proxecto Deportivo e de Xestión para o ano 2016.

O Presidente Sr. Puch, procede a ler un documento que fai un repaso dos resultados económicos dos derradeiros anos e os incrementos de traballo administrativo e de xestión derivados do incremento de clubs federados e expedición de licencias federativas así como unha serie de proxectos de cara ó futuro da F.G.M. Entre os temas tratados, temos que destacar os seguintes:

- o Incremento notable no número de clubs e consecuentemente a expedición de licencias federativas.
- o Os ingresos por homologación de sendeiros, están estabilizados,
- o A recadación por pernoctas nos refuxios, veñen observando un forte descenso.
- o As subvencións da Consellería de Deportes da Xunta de Galicia, veñen sendo recortadas de xeito continuado dende hai anos.

En consecuencia é necesario afrontar unha serie de medidas, aplicables de xeito progresivo, cara a solucionar o actual desequilibrio orzamentario. Entre eles cabe destacar:

- o Axuste ó alza a cota federativa das licencias deportivas.
- o Establecer unha cota federativa os clubs adheridos.
- o Establecer unha taxa de organización para as probas da Copa ou Campionato de Escalada que axude a cubrir os gastos de transporte e instalación do rocódromo da F.G.M..
- o Establecer unha taxa para as probas de Carreiras por Montaña coa oferta dun paquete de servizos tales como arco de meta, cronometraxe e arbitraxo das probas.
- o Abaratar os desprazamentos do equipo de Carreiras por Montaña utilizando medios distintos ó avión salvo participación en Baleares e Canarias.
- o Reducir a participación do equipo de Carreiras por Montaña soamente ós membros mellor preparados e clasificados para obter boas clasificacións.
- o Modificar o reparto e importes das subvencións do Mellor Club de Galicia centrando estas no primeiro clasificado e os cinco clubs con máis participación nas actividades federativas.

Co fin de crear unha base sólida na modalidade de Escalada Deportiva, se vai a crear un Centro de Tecnificación de Escalada no que participarán unha selección de vinte nenos que serán becados pola F.G.M.

Se producen unha serie de intervencións sobre posibles solucións ao desfase orzamentario tales como a venda de algún refuxio ou a eliminación de actividades sen participación e con gastos fixos.

### o Orzamento para o ano 2016

Toma a palabra o Sr. Fandiño para comentar que dado o recorte da subvención para o ano 2016 comunicado pola Xunta de Galicia, hai que retocar os orzamentos aprobados na derradeira Asemblea de Decembro, modificando as partidas da Copa Galega de Escalada Base, Copa Galega de Escalada en Bloque, Copa Galega de Carreiras por Montaña, Formación e Material de Oficina en importes proporcionais ata chegar aos 5.000.- (cinco mil) euros.

- o Organización de actividades para o ano 2017.
- o Toma a palabra o Vogal de Actividades Sr. Soto para indicar que xa se fixeron as de Esqui de Montaña e Raquetas de Neve de este ano e proximamente se levará adiante o Día do Sendeirista a organizar polo Club de Montaña Xistra. Continua a súa intervención citando as distintas probas quedando como sigue:



## FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10  
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07  
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

o Raquetas de Neve e Esqui de Montaña	18/19 de febreiro 2017	A.M.I.
o Día do Sendeirista	7 de de maio 2017	Peña Trevinca M. de G.
o Marcha con Vivac	10/11 de xuño 2017	Club de Montaña Xistra
o Descenso de Barranços	9 de xullo 2017	Club de Montaña Xistra
o Campamento Infantil-Xuvenil	24 de setembro 2017	A.M.I.
o Marcha de Veteranos	10 de setembro 2017	Peña Trevinca M. de G.
o Escalada Base 1	Octubre 2016	A.M.I.
o Escalada Base 2	Octubre 2017	C. M. Celtas
o Xuntanza de Escaladores	A determinar	C. M. Azimut

### o Nomeamento do Mellor Club Galego de 2015.

O Presidente sr. Puch da lectura ao resultado logo de aplicar o baremo para este punto da Asemblea de menor a maior puntuación e reparto de incentivos. De resultas de esta lectura resulta nomeado como Mellor Club de Galicia o Club de Montaña Xistra con 402,80 puntos e un porcentaxe do 12.88%. Se achega detalle de puntuacións e reparto de incentivos. Se achega documento como anexo 2.

Se abre un debate sobre el baremo con varias intervencións dispaes sobre quen e como ten que modificar os criterio de valoración e que, en todo caso, terá que ser como unha proposta dun membro da Asemblea.

### o Propostas dos Asembleístas.

Intervén o Sr. Puch para facer unha introdución sobre quen elabora a orden do día das asembleas e competencias e fins dos distintos estamentos federativos – Asemblea Xeral, Xunta Directiva, Comisión Delegada, Comités Técnicos -, recollidos nos Estatutos da F.G.M. e da a palabra á Sra. Sanz sobre unha proposta presentada en fecha e consiste nunha explicación sobre a situación da E.G.A.M.

Toma a palabra a Sra. Sanz para dar unha serie de valoracións sobre a Resolución do Comité de Xustiza Deportiva respecto ao tema Federación Galega de montañismo e D. Alejandro López Sánchez, tamén fai un repaso sobre o estado do borrador do Regulamento da E.G.A.M., explica o nomeamento do Director e Comité Técnico da E.G.A.M. e o calendario de actividades da E.G.A.M. e que non son moi numerosas pola altura do ano en que se normalizou a situación dos nomeamentos do Director e Comité Técnico.

Se lle da a palabra ó Director da E.G.A.M. que comeza dicindo que a Escola ten un compromiso absoluto e plena disposición de colaboración na F.G.M. Continúa dicindo que na actualidade hai 26 instrutores e xa teñen preparado o calendario de cursos para este ano. Solicita a asistencia as reunións de Xunta Directiva para coñecer as inqueданzas das vogalías así como participar os plans e obxectivos da Escola á Xunta Directiva da F.G.M., e pide a colaboración a clubs e membros da Asemblea para difundir o calendario entre os membros e socios dos clubs.

Se lee a proposta do club Agrupación Montañeros Independientes no que solicita a modificación del proceso de elección dos deportistas al que responde o Sr. Puch que o sistema de eleccións na F.G.M. ven fixado por unha Orden de catro de decembro de 2007 que regula os procesos electorais das federacións deportivas e polo tanto temos que axustarnos a esas normas e en consecuencia é a Xunta de Galicia a que nos sinala as pautas a seguir nos citados procesos electorais.

Toma a palabra o Sr. Ramírez para indicar que il foi o único que presentou unha queixa ante a Xunta de Galicia e Valedor do Pobo e dende este saíu unha suxestión á Secretaría Xeral para o Deporte e logo de catro anos seguen as cousas como ó principio.

O Sr. Freixeiro López engade que hai catro anos xa se presentou un recurso ante o Consello Superior de Deportes e ate o de agora deron a calada por resposta.

A continuación e a petición do presidente do Club de Montaña e Escalada Azimut, se da lectura detallada dos ingresos producidos e por outra banda os gastos ocasionados nas xornadas de difusión da escalada. Co fin de manter a cuberto a identidade dos docentes, se denominan "profesor 1", "profesor 2" e "profesor 3" e se indican conceptos e importes que foron aplicados a cada un deles.

Toma a palabra o Sr. Criado para manifestar o seu desacordo con estas actividades cando o seu club solicitou axuda para unha serie de actividades de promoción da escalada entre escolares no concello de A Coruña e non recibiu ningunha axuda.

A continuación e a solicitude do presidente do Club de Montaña e Escalada Azimut se da lectura a un documento resumen sobre o expediente de D. Alejandro López, que é recollido con disparidade de opinións.



## FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10  
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07  
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

O Sr. Arocás intervéñ para indicar que os cursos están a dar superavit e que os cursos de iniciación tiñan que ser subvencionados pola F.G.M.

O Director Técnico Sr. Pérez Prego expón os criterios que rixen para establecer o precio final dos cursos tendo presente as nóminas e desprazamentos do profesorado e repartir o custe entre o número estimado de alumnos.


• Rogos e preguntas.

O Sr. Ramírez, como usuario deste edificio, solicita que se faga unha proposta para retirar a placa de inauguración no que reza o nome de Eduardo Lamas xa que non é merecedor dado que foi condenado por maltrato de xénero. Pide a palabra o Sr. Faro para preguntar si se vai a promover algún curso de Técnicos de Sendeiros ao que lle responde o Sr. Puch que se podería organizar si hai número necesario de participantes para cubrir os gastos que trae consigo un curso desta natureza.

A Sra. Castiñeira, demanda que as actividades organizadas polos clubs se faga mediante convenios ó que lle responde o Sr. Puch que xa se está a facer. Pide así mesmo que as cifras de federados por clubs se poña diferenciado por homes e mulleres.

Sendo as 20 horas e cincuenta minutos se levanta a sesión.


O Presidente



Adolfo Puch Dominguez



O Secretario Xeral



Alberto Canle Campuzano